

TURISMO DE PONTEVEDRA, SA

José Luis Mato Rodríguez, Secretario da Xunta Xeral da Sociedade Mercantil "Turismo de Pontevedra, SA", por substitución, CERTIFICO que, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 19.06.2017, debidamente convocada de 19 conformidade co artigo 10 dos estatutos desta sociedade mercantil, adoptouse o seguinte acordo que, na súa parte dispositiva literalmente, di:

"1.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL, INFORME DE XESTIÓN E APLICACIÓN DO RESULTADO DO EXERCICIO 2016.

De orde do Sr. Alcalde-Presidente, polo Sr. Secretario dáse conta do acordo do Consello de Administración de data 13.06.2017.

Seguidamente, o Sr. Presidente somete a votación o asunto que figura no epígrafe e a Xunta Xeral, por unanimidade (23), de conformidade co acordo adoptado polo Consello de Administración na sesión que tivo lugar o 13.06.2017, acorda aprobar as contas anuais do exercicio terminado o 31.12.2016, xunto co informe de xestión e aplicación do resultado."

Faise constar que a acta foi aprobada polo Presidente e os dous interventores nomeados ao efecto pola propia Xunta Xeral, de conformidade co art. 13.1 dos Estatutos desta sociedade.

E para que conste, expido a presente certificación, visada polo Presidente, en Pontevedra a 20.06.2017.

Vº e Pr.
O Presidente,


Miguel Anxo Fernández Lores

